

PROXECTO /PLANS PARA O CURSO 2025-26

Creamos un ano máis un proxecto interdisciplinar e globalizado con vistas a fomentar o uso da nosa lingua na nosa contorna máis próxima e dunha forma lúdica, sendo o alumnado o protagonista e asumindo un papel activo e participativo no uso da mesma. Con este proxecto, pretendemos ampliar o número de xogos que hai na nosa lingua ben para seguir aprendendo nós ao facer estes xogos ben para que o resto do alumnado e familias poda divertirse xogando e aprendendo en galego.

Queremos por un lado, potenciar a oralidade á hora de xogar entre nós, e por outro lado, pretendemos elaborar textos e material en galego. Sen deixar atrás, a importancia do xogo, tanto na actualidade como o achegamento ás nosas tradicións, achegarnos aos xogos dos nosos pais/nais e avós e avoas.

Os xogos serán realizados con diferentes tipos de materiais creativos.

Empregaremos dende materiais reciclados materiais impresos coa impresora 3D ou incluso coa axuda da impresora láser.



PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Para o curso 2025-2026, realizaremos tres liñas de pfpp no CEIP Pedrouzos.

- Liñas de formación e traballo:

S2506034 - PFPP S2531002 Competencia dixital e protección de datos no ámbito educativo

S2506032 - PFPP S2531002 Educación emocional. Identificación e xestión das emocións na aula

S2506033 - PFPP S2531002 Matemáticas manipulativas

- E en colaboración coa ANPA, solicitamos unha ENAPA.



PLAN DIRECTOR DE CONVIVENCIA ESCOLAR

O Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e nos seus Contornos é unha iniciativa conxunta do Ministerio do Interior e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, en colaboración coas comunidades autónomas e outras administracións.

O seu obxectivo principal é promover a convivencia e garantir a seguridade do alumnado dentro dos centros escolares e nas súas inmediacións, ofrecendo ferramentas de prevención, sensibilización e intervención fronte a situacións de risco.

Para este curso, solicitamos para 5º e 6º de primaria as charlas sobre **SEGURIDADE VIARIA**, para o 2º trimestre de curso.



NAVEGA CON RUMBO

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, presenta o Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo. Esta é unha iniciativa encamiñada a que ti, alumnado dos centros escolares de Galicia, navegues con seguridade. Evita o ciberacoso e outros riscos de Internet coas recomendacións.

O Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo materialízase nesta web, nas Guías, pero tamén no programa de visitas aos centros escolares.

Nestas visitas, os colexiados e colexiadas do CPEIG, expoñen as recomendacións e consellos necesarios para navegar con rumbo. Sempre tendo en conta ao alumnado e as súas inquiredanzas.

Programa solicitado para o alumnado de 5º e 6º de primaria.



- INNOVALAB (presentada a solicitude)
- MAT_LAB

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15001847
CENTRO: CEIP Plurilingüe de Pedrouzos - Brión - A Coruña
PROGRAMA: Innova-Lab 2025/26
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

01. Mat-Lab

a) Medidas a desenvolver nesta modalidade, para cada competencia na que se vai incidir

Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso, para cada unha das competencias nas que se vai incidir.

A mellora da competencia matemática no primeiro ciclo de educación primaria vai sustentarse en tres piares básicos; o fomento do gusto polas mesmas, a atención á diversidade e a conexión coa realidade da contorna máis próxima ao alumnado.

Concretando as medidas básicas desde proxecto destacamos:

¿ Fomentar o gusto polas matemáticas a través do xogo. Introducir xogos matemáticos na aula de forma habitual. As matemáticas como algo lúdico e non soamente académico.

¿ Crear un rincón de matemáticas, un espazo con materiais manipulativos, retos de lóxica, regletas....

¿ Emprego de metodoloxía activas e manipulativas; desenvolver o cálculo, a comprensión e a resolución de problemas a través da manipulación.

¿ Establecer unha relación directa entre as matemáticas e o entorno máis cercano.;conectadas coa vida cotiá do alumnado

¿ Ampliación de espazos de aprendizaxe. Usar o patio escolar como aula de matemática, biblioteca matemática, aula de psicomotricidade,... Romper a estrutura tradicional de aula e traballo de matemáticas.

¿ Atender aos ritmos de aprendizaxe do alumnado e as necesidades educativas especiais.

¿ Integrar as matemáticas en proxecto interdisciplinares. como o horto escolar, o tempo atmosférico,... Aprendizaxe máis significativo e contextualizado.

¿ Impliación das familias e a comunidade escolar.Crear unha cultura matemática compartida entre escola, familia e contorna.

¿ Formación continua do profesorado a través dun pfp en colaboración co CAFI

- LEO-LAB

Proxecto

CÓDIGO DO CENTRO: 15001847
CENTRO: CEIP Plurilingüe de Pedrouzos - Brión - A Coruña
PROGRAMA: Innova-Lab 2025/26
ESTADO: Trámite
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

02. Leo-Lab

a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.

Este programa está deseñado para recoñecer, identificar, nomear e expresar as emocións como unha base necesaria para a convivencia saudable e a aprendizaxe significativo.

- Identificación das diferentes emocións a través da lectura de contos.
- Recoñecer e identificar as emocións e ser capaz de expresalas aos demais
- Expresar sentimentos e emocións mediante a linguaxe oral e outras linguaxes.
- Achegamento ao conto como ferramenta de aprendizaxe.
- Identificar as emocións a través das diferentes situacións nos contos.
- EScoitar activamente os contos.
- Iniciar na lectura de contos adaptados á idade
- Creación de contos vs as diferentes emocións.

- PROGRAMA_ EDUCACIÓN CÍVICO TRIBUTARIA AEAT.

Programa de educación en valores inculcando o coste dos servizos públicos, co fin de valoralos, coidalos e usalos na súa xusta medida.